



ANEXO.

MODIFICACIÓN Á AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE **SEGUNDO** DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Despois da publicación da *ORDE do 25 de xaneiro pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, faise necesario a modificación da programación didáctica; adaptándoa ao recollido nos artigos 5 e 6, que resumimos a continuación:

Artigo 5. Avaliación

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

Artigo 6. Promoción

- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.



- O alumnado que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia é unha medida de carácter excepcional, tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes. Neste caso o equipo docente organizará un plan específico de reforzo (PER). Esta decisión só se poderá tomar unha vez na etapa, oídas as familias.
- O seguimento do PER farase segundo o artigo 50 da Orde do 8 de setembro de Atención á diversidade.
- Ao finalizar os cursos de segundo e cuarto o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no seguinte ciclo.



ANEXO: AVALIACIÓN 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

Atendendo á nova orde do 25 de xaneiro do 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, consideramos importante deixar constancia mediante este anexo de que o alumnado de 2º de primaria **PODERÁ PERMANECER UN ANO MÁIS OU PROMOCIONAR CON ALGUNHA AREA ao 3º curso nas que non acadara os mínimos esixibles. Ditos mínimos constan na PXA e, tras a súa revisión, son os quea continuación se exponen:**

CIENCIAS DA NATUREZA

Mostra iniciativa para resolver e planificar tarefas con axuda do mestre.

É capaz de seleccionar con axuda do mestre diferentes estratexias para traballar de xeito individual e respetando os compañeiros e compañeiras, o material e a normas de convivencia

Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos seguindo as pautas do mestre.

Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais con axuda do mestre.

Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos con axuda do mestre.

Con axuda do mestre e capaz de recoñecer algún trastorno alimentario e algunha estratexia para a súa prevención.

Establece a relación directa entre o exercicio físico e a saúde.

Adopta algúns hábitos saudables de alimentación a súa rutina.

Explica algunhas diferenzas entre seres vivos e inertes.

É capaz de identificar e describir algúns animais e plantas do seu contorno.

Define os contidos estudados, de maneira moi simple.



Recoñece a importancia da utilización de xeito responsable da auga.
Reduce, reutiliza e recicla algúns dos residuos na escola.
Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián con axuda do mestre no ámbito escolar.
Recoñece algúns efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns con axuda do mestre.
Recoñece a importancia de algunhas das máquinas do seu contorno.
Recoñece e valora a importancia de algúns oficios do seu contorno.
Manexa algúns obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas con axuda do mestre.
Identifica e describe algunhas partes dun ordenador durante o seu uso.
Emprega o ordenador de forma guiada, case sempre facendo un uso axeitado con el.

CIENCIAS SOCIAIS
Busca información de maneira autónoma , pero precisa sempre axuda para seleccionar aquela que é relevante.
Coida a presentación das tarefas, planifica e executa as mesmas de forma autónoma e responsable.
Participa frecuente-mente en actividades individuais e de equipo, pero a veces non respecta as normas de convivencia.
Elabora mapas mentais de maneira guiada sempre por parte do mestre.
Aplica términos axeitados á área de estudo
Define os contidos estudados, de maneira moi simple.
Enumera os usos que el e os que o rodean fan da auga
Define os contidos estudados, de maneira moi simple.
Recoñece a importancia da auga na vida de todos os seres vivos así como do uso responsable da mesma
Define os contidos estudados, de maneira moi simple.
Define os contidos estudados, de maneira moi simple.
Enumera as principais diferenzas entre a paisaxe de costa e de interior



Actúa respectando, conservando e mellorando o medio ambiente.
Define os contidos estudados, de maneira moi simple.
Coñece os minerais e rochas da súa contorna e os usos dos mesmos.
Recoñece as formas básicas de un plano. Camiños, pasarúas.
Describe as diferencias principais entre localidade e concello
Recoñece a importancia dos servizos do Concello no benestar social.
Define os contidos estudados, de maneira moi simple.
Participa dentro do grupo de maneira responsable, solidaria e respectuosa coas diferencias individuais
Coñece as festas e costumes máis cercanas e é capaz de explicar oralmente en que consisten.
Coñece os principais medios de comunicación e os cambios persoais e individuais que provocaron a evolución dos mesmos.
Relaciona as profesións coas ferramentas básicas que utilizan e cos servizos que prestan a Comunidade
Establece relacións entre os diferentes tipos de traballo e os lugares onde se levan a cabo
Define os contidos estudados, de maneira moi simple.
Interioriza a importancia de manter as zonas comúns limpas.
Distingue e utiliza nas súas conversacións os conceptos temporais de pasado, presente e futuro
Utiliza na medida do tempo instrumentos sinxelos.
Ordea con algo de axuda diferentes secuencias de xeito cronolóxico.
Aplica os conceptos temporais a expresión dos acontecementos vividos na súa contorna.
Establece relacións entre os restos históricos e o que aconteceu con anterioridade e é consciente da importancia da súa conservación
Diferencia museo de outros tipos de edificios e sabe o que pode encontrar nel
Disfruta coa visita a museos ou espazos nos que existan restos arqueolóxicos

LINGUA CASTELÁ

Expresa algúns sentimentos e vivencias.



Respeta as normas básicas de convivencia.
Utiliza de forma global a palabra e os xestos para expresarse.
Exprésase axeitadamente segundo o seu nivel
Expresase de forma coherente en distintas situacións de comunicación.
Utiliza vocabulario axeitado a súa idade
Iniciase na identificación do significado das palabras polo seu contexto.
Comprende o sentido global dun texto oral de uso cotiá
Diferencia distintos tipos de textos .
Responde preguntas relacionadas cun texto
Extrae a información máis relevante de reportaxes audiovisuais adaptados a súa idade.
Recoñece a idea principal de mensaxes procedentes dos medios de comunicación.
Reproduce textos orais e escritos sinxelos.
Dramatiza pequenos textos coa entonación e volume axeitados.
Iniciase na elaboración de diversos textos orais sinxelos
Fai un discurso oral de forma coherente
Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
Utiliza unha linguaxe afectiva para comunicarse.
Le textos moi sinxelos con pronunciación axeitada.
Le en silencio textos adaptados a súa idade en voz baixa
Identifica a idea principal dun texto adaptado a súa idade.
Diferencia distintos tipos de mensaxes.
Iniciase na utilización de coñecementos previos para entender textos novos.
Fai hipótesis sobre o tema dun texto, a partir do título
Relaciona pequenos textos coas ilustracións
Dedica momentos para a lectura
Da a opinión sobre os seus gustos lectores
Iniciase na búsqueda de diferentes fontes bibliográficas.
É coidadoso/a e organizado/a cos libros.
Iniciase na discriminación entre información e publicidade



É quen de opinar, con axuda,sobre diferentes textos moi sinxelos.
Iniciase na búsqueda de información nas novas tecnoloxías.
Iniciase na escrita de textos sinxelos respectando normas básicas gramaticais e ortográficas
É autónomo na realización das tarefas e coida a súa presentación
É respectuoso coas súas producións e a dos seus compañeiros
Iniciase na utilización de borradores para a produción dos seus traballos
É quen de rexistrar os procesos das súas experiencias
Ilustra textos sinxelos,relacionados co seu contido.
Coñece diferentes utilidades das novas tecnoloxías.
Utiliza adecuadamente os artigos ,adxectivo,nome e verbo nos textos orais e escritos.
Utiliza correctamente os tempos verbais nos súas producións tanto orais como escritas.
Iniciase na utilización de sinónimos, antónimos e palabras polisémicas nas súas producións orais e escritas.
Iniciase na composición de palabras compostas
Iniciase na utilización de signos de puntuación e normas ortográficas básicas nos seus escritos
Iniciase na utilización de signos de puntuación e normas ortográficas básicas nos seus escritos
Iniciase na concordancia de grupos nominais.
Iniciase na utilización de signos de puntuación nos seus escritos.
Realiza produccóns sinxelas e con sentido.
Coñece algúns programas educativo dixitais e tenta usalos
Iniciase na comparación(con axuda) de algúns aspectos das linguas que coñece.
Interésase pola literatura infantil
Iniciase, con axuda, na lectura de textos literarios moi sinxelos e adaptados a súa idade.
Gústanlle escoitar algúns recursos literarios adaptados a súa idade.
Gústanlle escoitar algúns recursos literarios adaptados a súa idade.
Iniciase na creación de pequenos textos literarios, con axuda.



MATEMÁTICAS

É capaz de explicar oralmente a mecánica seguida na resolución dun problema.

Traballa de forma ordenada e limpa

Resolve problemas atendendo os medios tecnolóxicos cos que conta

Le, escribe , ordena e recoñece os números do 0 ao 999

Distingue as cifras atendendo ao seu valor dentro dun número en situacións reais.

Coñece, distingue e aplica correctamente os conceptos de anterior e posterior para a realización de series

Coñece, distingue e aplica correctamente os conceptos de cardinal e ordinal

Dado un texto numérico interpreta de forma correcta os números ata o999

Distingue os conceptos de unidade, decena e centena,sabe cal é cada unha das súas cifras e o seu valor dentro dun número

Coñece, distingue e aplica correctamente os conceptos de par e impar

Fai sumas e restas con levadas, coloca ben os sumandos e aplica as operacións na resolución de problemas

Relaciona a multiplicación como a suma de sumandos iguais,realiza cálculos e iniciase no proceso de resolución de problemas

Emprega procedementos axeitados de cálculo mental

Resolva problemas sinxelos de sumas e restas

Utiliza procedementos axeitados na resolución de problemas empregando as operacións adecuadas e comprobando os resultados

Establece relaciones axeitadas entre as medida de lonxitude e os obxectos a medir e é capaz de realizar medidas sinxelas

Recoñece o Kg como unidade de masa.Sabe da existencia de instrumentos para medila e dos múltiplos e submúltiplos da mesma.

Recoñece o litro como unidade de capacidade Sabe da existencia de instrumentos para medila e dos múltiplos e submúltiplos do mesmo.

Distingue no reloxo as horas en punto e media, e cuarto e menos cuarto

Sabe cales e cantos son os días da semana, os meses do ano e as estacións

Coñece as moedas e billetes do noso sistema monetario.



Resolva problemas de medida adaptados a súa idade.
Resolve problemas seguindo un proceso axeitado e comprobando os resultados
Dada unha figura é capaz de completala atendendo ao seu eixe de simetría
Sabe o que é un polígono, distingue liñas poligonais abertas e pechadas e diferencia as figuras xeométricas básicas do entorno.
Recoñece formas esféricas básicas no entorno máis próximo.
Segue un itinerario sinxelo interpretando os distintos pasos
Resolva problemas sinxelos adaptados a súa idade
Aplica a situacións e contextos reais procedementos de reflexión, comprobación e interpretación.
Utiliza e interpreta gráficas básicas adaptadas a súa idade
Utiliza e interpreta gráficas básicas na resolución de problemas contextuais
Distingue cando un suceso é seguro, posible ou imposible

LINGUA GALEGA

Comprende o sentido global dun texto oral de uso cotiá.
Iniciase no recoñecemento dos medios de comunicación como transmisores de información
Comprende o sentido global dun texto oral de uso cotiá dos medios audiovisuais
Participa nas conversas.
Segue as explicacións da aula., preguntando se non entende.
Reproduce textos orais breves ante a clase
Iniciase na participación do traballo en grupo
Atende as intervencións sen interromper.
É respectuoso coas opinións dos demais
Respecta as quendas de palabra.
É respectuoso coas opinións dos demais
Utiliza e valora o uso da lingua galega.
Mira as persoas cando falan.
Mantén a atención nunha conversa.
Participa nunha conversa
Usa fórmulas sinxelas de cortesía.
Traballa en pequeno grupo, respectando as ideas dos demais.
Ten interese por expresarse en lingua galega con corrección.
Recoñece algunhas palabras discriminatorias e sexistas.



Diríxese as persoas con respecto.
Iníciase na o identificación do uso do galego en diversos contextos
Recoñece a posibilidade de expresarse en galego en diversas situacións.
Comprende o sentido global dun texto sinxelo de uso cotiá dos medios de comunicación social.
Comprende o sentido global dun texto sinxelo de uso cotiá.
Busca información en diversos textos de uso cotiá
Iniciase na interpretación da información de ilustracións.
Le de forma axeitada textos diversos
Le textos sinxelos en voz alta
Iniciase na lectura de textos dramatizados
Respecta as normas básicas de biblioteca de aula e de centro
Valora e iniciase no uso , de forma autónoma, nas bibliotecas do centro.
Interésase pola organización e coidado dos libros. Mantendo os seus en bo estado.
Valora a lectura como fonte de aprendizaxe e comunicación.
Iníciase na autonomía de selección de textos da súa preferencia.
Iniciase na opinión e valoración das lecturas feitas.
Iniciase na produción de textos diferentes.
Iniciase na produción de textos diferentes
Coloca de xeito axeitado nos seus escritos as maiúsculas e os signos de interrogación e exclamación.
Interésase pola utilización do uso das maiúsculas
Iniciase na composición de diversos textos relacionados coa escola e os medios de comunicación.
Iníciase na composición de textos sinxelos combinando linguaxe verbal e non verbal.
Utiliza de forma básica un procesador de texto.
Iniciase na composición de diversos textos relacionados coa escola e os medios de comunicación.
Presenta os seus textos escritos con boa presentación.
Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
Recoñece palabras e sílabas, en textos sinxelos.
Iniciase na separación das sílabas dunha palabra.
Diferencia entre nome común e propio
Recoñece o xénero e número das diferentes palabras.
Coñece as normas ortográficas básicas. E recoñece a importancia de cumprilas.
Relaciona o son coa grafía.



Iniciase na separación de palabras en pequenas frases.

Fai diferenza entre lingua oral e escrita

Fai pequenas comparacións entre diferentes linguas.

Reescribe e expón textos sinxelos.

Valora como fonte de pracer os textos de lingua galega.

Le textos sinxelos en silencio

Le en voz alta textos sinxelos.

EDUCACIÓN MUSICAL

Tenta expresar os seus sentimentos por medio de relatos moi sinxelos.

Participa en pequenas dramatizacións

Valora a literatura para comunicarse e goce persoal.

Amosa curiosidade polo coñecemento doutras costumes respectando a diversidade cultural.

Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. (CCEC, CAA)

Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. (CCEC)

Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición eos sentimentos que suscitou. (CCL, CCEC)

Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. (CCL, CECC)

Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas. (CCL, CCEC)

Usa aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. (CD , (CCL, CECC))

Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. (CSC, CCEC)



RELIXIÓN

1. Sabe algunha canción relixiosa.

2. Sabe as oracións o Noso Pai, Ave María.

3. Coñece algúns feitos da vida de Xesús.

4. Describe algúns elementos e símbolos relixiosos.

5. Discrimina accións positivas e negativas.

6. Coñece algunhas festas do Ano Litúrxico.



LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

É quen de entender o sentido xeral do conto, rima, canción traballados na aula.

Comprende as instrucións básicas de moito uso sobre cousa cotidianas do día a día

É quen de preguntar e responder, con frases curtas e sinxelas sobre a súa idade, o seu nome, a súa cor favorita e sobre algo que lle guste)

Intenta reproducir textos orais moi sinxelos

Entende a idea principal dunha historia aínda que non perciba os pequenos detalles

Esfórzase por escribir coherentemente frases sinxelas

Emprega o saúdo, a despedida e as fórmulas de cortesía

Identifica palabras e frases simples próximos a si mesmos/as

Comprende e intenta usar o voc. básico nas interaccións de aula

Expresa e identifica a posesión en 1ª persoa

Atitude atenta cara a aprendizaxe da lingua

Intenta escribir palabras relacionadas consigo mesma/o

ED. ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

Distingue entre materias naturais e artificiais

E quen de describir basicamente o traballo realizado

Colorea un debuxo propio ou un debuxo predeterminado

Utiliza nas súas producións as formas básicas e é capaz de nomealas.

Realiza distintas producións artísticas utilizando materiais de diferentes texturas: teas e papeis...

Experimenta a mestura de cores para obter outros tons

É quen de distinguir as cores frías das cálidas

Realiza un collage empregando materiais de diferentes texturas.

Crea producións partindo das formas xeométricas.

Debuxa o corpo humano.

Elabora diferentes debuxos sobre unha cuadrícula.

Participa respectando ós compañeiros/as e mestra, así como os materiais e os traballos realizados.



VALORES

Identifica os seus estados de ánimo

Tenta corrixir o seu comportamento to negativo.

Identifica os seus estados de ánimo

Responde a preguntas e respecta a opinión dos demais.

É capaz de traballar de xeito cooperativo.

Iniciase na autoavaliación das tarefas que realiza

Tenta propor actuacións creativas

Ten iniciativas no traballo cooperativo

Mostra interese na resolución de conflito

Define e formula claramente problemas de convivencia.

Expresa sentimentos e emocións

Iniciase na na expresión dos sentimentos acompañada de xestos

Expresa sentimentos e emocións con amabilidade.

Emprega a linguaxe positiva.

Iniciase no emprego de habilidades sociais básicas

Recoñece diferentes formas de actuar



É quen de comprender aos seus compañeiros e resaltar as súas cualidades
Participa nos traballos en grupo
Lévase ben cos seus amigos.
Confía nos demais
Interactúa cos seus iguais
Axuda aos seus compañeiros.
Tenta respectar as regras básicas no traballo grupal
Coñece e nomea as normas de convivencia da aula
Discrimina condutas segundo o cumprimento das normas de convivencia escolar.
Da a súa opinión na elaboración das normas da aula.
Respecta as normas do colexio
Iniciase na resolución de problemas de forma autónoma
Tenta comprender aos demais.
Identifica os sentimentos dos seus iguais.
Debuxa as necesidades básicas dos nenos.
Expresa oralmente que ocorre cando un neno non ten cubertas as necesidades básicas.
É respectuoso cos seus iguais.
Colabora coas persoas doutro sexo
Realiza actividades independente mente do seu sexo.
Realiza actividades independentemente do seu sexo.
Valora a necesidade de hábitos saudables.



Indica algunhas condutas básicas sobre a calidade de vida

Di cales son as medidas preventivas, básicas, de accidentes domésticos

EDUCACIÓN FÍSICA

Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios de xeito guiado.

Explica de xeito escueto clara aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.

Mostra boa disposición para solucionar os conflitos.

Recoñece as condutas desapropiadas que se producen na práctica deportiva.

Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita con axuda do mestre.

Intenta presentar os seus traballos con orde, estrutura e limpeza.

Intenta expoñer e respectar as opinións dos e das demais.

Sempre participa nas actividades propostas, buscando a resposta motriz axeitada.

Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.

Incorpora as rutinas de hixiene e coidado do corpo.

Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases de forma activa.

Acepta formar parte de calquer grupo .

Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz.

Coñece e identifica as partes do corpo propias.

Domina o equilibrio estático, con axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.

Iníciase no equilibrio dinámico.

Reacciona ante estímulos sinxelas , dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.

Desprázase de distintas formas, con coordinación.

Salta de distintas formas, con boa coordinación.

Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación .

Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal.

Equilibra o corpo en diversas posturas.

Case sempre representa personaxes e situacións, con desinhibición e espontaneidade.

Case sempre reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.

Realiza bailes e danzas sinxelas da cultura galega.



Cumpre as normas básicas do coidado do corpo.
Adopta algúns hábitos alimentarios saudables.
Incorpora a actividade física como axente de saúde de xeito esporádico.
Identifica e sinala algúns os riscos das actividades físicas que vai coñecendo e practicando
Pon en práctica as tácticas sinxelas dos xogos.
Utiliza as regras dos xogos.
Practica xogos libres e organizados.
Investiga de xeito exhaustivo e coñece algúns xogos tradicionais de Galicia.
Realiza distintos xogos tradicionais.
Realiza algunhas actividades na natureza.
Coñece e valora o coidado e respecto do medio.